



DATOS IDENTIFICATIVOS

Macroeconomía I

Materia	Macroeconomía I			
Código	V03G100V01503			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas			
Coordinador/a	Montero Muñoz, María			
Profesorado	Montero Muñoz, María			
Correo-e	mmontero@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo principal da materia Macroeconomía I é mostrar os alumnos cómo plantexar de xeito riguroso á vez que sinxelo as principais cuestións macroeconómicas. As discusións vanse centrar en torno a modelos concretos que intentan describir o comportamento da economía tanto no curto como no medio prazo, onde se discuten os efectos que as distintas medidas de política económica teñen sobre as distintas variabeis macroeconómicas. Un aspecto crucial a destacar é o papel que os distintos supostos de partida desempeñan nas conclusións de cada un dos modelos analizados. O programa de macroeconomía I parte dos contidos previamente analizados en Principios de Economía I y II, para a continuación introducir sucesivamente unha serie de liñas de ampliación dos modelos alí contemplados.			

Competencias

Código	
C2	Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas
C3	Coñecer o marco institucional da economía
C5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos
C6	Adquirir coñecementos de Análise económica
C8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
C9	Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado
C10	Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos
C11	Capacidade de elaborar medidas de política económica para alcanzar uns obxectivos dados
D2	Capacidade de traballar en equipo
D4	Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos
D5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
D7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Aplicar as ferramentas básicas da análise económica, de modo que para abordar preguntas económicas sexan capaces de construír modelos económicos simples, que mediante unha representación simplificada da realidade permitan tratar axeitamente o problema.	C2 C5 C6	D4 D5
Buscar, identificar e interpretar fontes de información económica relevante e o seu contido.	C9	
Analizar os efectos das políticas macroeconómicas, de modo que ante a aplicación dun novo instrumento de política económica sexan capaces de formarse unha opinión fundamentada sobre a súa eficacia na consecución dos obxetivos para os cales se tiña plantexado.	C11	
Contemplan o modelo no seu conxunto dende unha perspectiva de equilibrio xeral. Isto implica coñecer a relevancia dos supostos que presiden o modelo, saber manexalo en distintas simulacións e aplicacións e ser capaz de realizar unha valoración crítica do mesmo determinando o seu alcance analítico e as súas limitacións.	C6 C10	D5 D7
Conectar os modelos económicos ca realidade para deste xeito poder empregalo para interpretar e explicar os fenómenos reais.	C3	D5

Realizar traballos empíricos nos que, empregando as ferramentas presentadas o longo do curso, demostre a súa capacidade para analizar, sintetizar e finalmente elaborar un informe.	C8 C10	D2 D5
---	-----------	----------

Contidos

Tema	
PARTE I. MODELOS MACROECONOMICOS BASICOS	Tema 1. Introducción os modelos económicos. Tema 2.- O Modelo Renda-Gasto. Tema 3. O Modelo IS-LM. Tema 4. O Modelo de Oferta e Demanda agregada.
PARTE II. PARO E INFLACION	Tema 6. A curva de Phillips. Tema 7. Inflación, paro e crecemento monetario.
PARTE III. ECONOMIA ABERTA	Tema 8. A apertura dos mercados de bens e financeiros. Tema 9. O Modelo de Mundell-Fleming.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	45	67.5	112.5
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	22.5	33.75	56.25
Titoría en grupo	7.5	11.25	18.75
Traballos e proxectos	3	9	12
Probas de resposta curta	2.5	5	7.5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	6	12	18

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	A metodoloxía docente consistirá no desenrolo de clases presenciais teóricas, prácticas e titorías en grupos así como no traballo persoal do alumnado para consolidar os coñecementos e adquirir soltura na resolución dos problemas plantexados. As clases teóricas consistirán na exposición dos principais contidos dos distintos temas, desenvolvéndose con detalle aqueles aspectos de maior complexidade. Para un axeitado seguimento e comprensión das clases é moi recomendable que o alumnado lea con atención o material e bibliografía suministrados para cada un dos temas.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	As clases prácticas consistirán na resolución de follas de exercicios que serán entregadas coa suficiente antelación ao alumnado para que os leve resoltos as clases. Isto lles permitirá identificar aquelas cuestións que lles resultan máis difíciles e resolvelas na aula. Farase un seguimento do aprendizaxe do alumnado mediante probas que deberán realizar.
Titoría en grupo	Nos seminarios en grupo reducidos vanse realizar diversas actividades dirixidas a afianzar os coñecementos adquiridos polos alumnos nas aulas teóricas e prácticas. Asimesmo se fará un seguimento dos traballos empíricos propostos.

Atención personalizada

Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Nos seminarios en grupos reducidos así como nas horas reservadas as titorías os alumnos poderán realizar todo tipo de consultas relativas a materia ou os traballos que se propoñan. No caso no que o alumno non poda asistir as titorias marcadas, poderá solicitar por correo electrónico unha titoría nun día u horario diferente o establecido.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballos e proxectos	Entrega e exposición dun traballo realizado ao longo do curso. Se avalía a capacidade de empregar as ferramentas presentadas o longo do curso e de conectar os modelos económicos ca realidade.	10	C3 D2 C8 D5 C10

Probas de resposta curta	Exame escrito. Consiste nun exame final a realizar na data oficial fixada no calendario de exámenes. Consta dunha serie de preguntas curtas que o alumnado deberá dar resposta. Se avalía a capacidade de aplicar as ferramentas básicas da análise económica, a capacidade de analizar os efectos das políticas macroeconómicas e de entender a súa eficacia na consecución dos obxetivos para os cales se plantexa.	60	C2 C5 C6 C9 C11	D4 D5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Exame escrito. Haberá tres probas o longo do curso. Se avalía a capacidade de entender un modelo macroeconómico, o que implica coñecer a relevancia dos supostos que presiden o modelo, saber manexalo en distintas situacións e ser capaz de realizar unha valoración crítica do mesmo determinando o seu alcance analítico e as súas limitacións.	30	C6 C10	D5 D7

Outros comentarios sobre a Avaliación

SISTEMA DE AVALIACION

A nota final da materia será a suma das notas da avaliación continua e do exame escrito. O exame escrito valerá un mínimo do 60% da nota (6 puntos) e un máximo do 70% da nota (7 puntos). A avaliación continua pesará dende un mínimo do 30% (3 puntos) ata un máximo do 40% na nota final (4 puntos). A nota correspondente a avaliación continua acadada durante o cuatrimestre **gardarase para as convocatorias extraordinarias do presente curso académico.**

Examen escrito (Mínimo 6 puntos): Haberá un examen final de contido tanto teórico como práctico a realizar na data oficial establecida no calendario de exames. Para que o exame final compute será necesario acadar unha **puntuación mínima** de 2,5 puntos dos 6 posibles (ou unha puntuación mínima de 3 si son 7 puntos). Si no exame final non acadada o mínimo esixido, a nota da materia será a que se obteña na avaliación continua.

Avaliación continua (Máximo 4 puntos): O restante da nota obterase mediante a avaliación continua do alumnado, o que inclúe a participación tanto nas clases teóricas como nas clases prácticas e os seminarios, a entrega de traballos e a nota dos controis que periódicamente se farán nas clases prácticas.

DATAS OFICIAIS DAS PROBAS DE AVALIACION EXAME ESCRITO:

Convocatoria extraordinaria Fin de Carreira: consultar en <http://fccee.uvigo.es/>

Convocatoria ordinaria 1º Cuadrimestre: consultar en <http://fccee.uvigo.es/>

Convocatoria extraordinaria curso 2015/16: consultar en <http://fccee.uvigo.es/>

Bibliografía. Fontes de información

BLANCHARD, O., **MACROECONOMIA**, 2012. 5ª Edición,

Acemoglu, D., Laibson, D., List, J., **Macroeconomics**, 2016,

BELZUNEGUI, B., CABRERIZO, J., PADILLA, R. E I. VALERO, **Macroeconomía. Problemas y ejercicios resueltos**, 2013. 3ª Edición,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Macroeconomía II/V03G100V01604

Macroeconomía avanzada/V03G100V01912

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía: Principios de economía I/V03G100V01102

Economía: Principios de economía II/V03G100V01203